

ACTA Nº 17/2015

**DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL**

- DIA 16 DE NOVEMBRO DE 2015 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP

Interventora:

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

Secretaria accidental:

Vicenta Avelina Campaña Martínez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DIA

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.

Polo Sr. Alcalde propónse ao Pleno que dado que as dúas ordenanzas que se traen para aprobación, están relacionadas, se debatan conxuntamente e se voten por separado.

A Corporación amosa conformidade á proposta.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.-

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<Esta Alcaldía, partido do carácter esencial da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, por tratarse dun servizo mínimo e obrigatorio, entende que constitúe unha obriga dos poderes públicos atenuar o efecto que a crise está a provocar nunha parte da poboación.

Con esa finalidade, enténdese que a ordenanza reguladora da taxa de suministro domiciliario de auga potable debe modular as cuotas que deben satisfacer determinados grupos de poboación especialmente desprotexidas, como é o caso dos contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

A pesares de que a prestación do servizo de abastecemento de auga potable xestiónase indirectamente, a través de concesión, e a pesares de que o concesionario remunerábase mediante as tarifas satisfeitas polos usuarios, a potestade tributaria e regulamentaria é de carácter público e a súa titularidade correspóndelle unicamente ao Concello.

Aprovéitase asimesmo para dar unha nova redacción a algúns artigos nos que se apreciaron aspectos susceptibles de seren mellorados, como o número 2 referido á definición e delimitación do feito imponible ou o artigo, así coma o artigo número 7 referido ao período impositivo e deivindicación.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Modificar a redacción dos artigos 2, 5 e 7 da Ordenanza Fiscal número 7 reguladora da taxa de abastecemento domiciliario de auga potable, quedando a redacción como segue:

“Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúen o feito imponible da Taxa de abastecemento de auga polo Concello de Rianxo.

2. Será obxecto da taxa, o suministro de auga potable para:

- a) usos domésticos en domicilios
- b) usos comerciais e industriais

3. Os usos interpretaranse da seguinte maneira:

a) usos domésticos en domicilios: todas as aplicacións da auga destinadas a atender as necesidades cotiás da vida e da hixiene personal coma a bebida, o aseo.

b) Usos comerciais e industriais: son os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes interiores contra incendios.

“artigo 5º. Cota tributaria

(...)

3. A cota quedará reducida a cero para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

Esta redución ten carácter rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

3.1. A documentación que deberán presentar os interesados nesta redución será:

- a) modelo de solicitude normalizado aprobado debidamente cuberto.
- b) fotocopia do NIF dos solicitantes, ou do representante, no seu caso, e acreditación desta condición
- c) fotocopia compulsada do acordo da concesión da RISGA
- d) fotocopia do último recibo da taxa
- e) indicación da referencia catastral do inmovible
- f) no caso de que o inmovible non sexa propiedade do solicitante, deberá aportar ademais:
 - NIF do propietario do inmovible
 - fotocopia do contrato de alugueiro do respectivo inmovible

3.2. Si a solicitude adoleciese de algún defecto, conferirase ao interesado un prazo de 10 días para que proceda á súa subsanación, con indicación de que, si así non o fixese, considerarase que desiste da súa petición.

3.3. O beneficiario desta redución de cuota estará obrigado a comunicar á administración calquera modificación relativa á mesma nun prazo de 15 días naturais dende que a correspondente circunstancia se produxese.

3.4. No caso de que estando concedida a redución regulada neste artigo se produxera un cambio de domicilio do beneficiario, a redución quedará sin efecto a partir do seguinte período de deivindicación da taxa.

Artigo 7. Período impositivo e deivindicación.

1. O período impositivo coincide con trimestre natural.

2. A deivindicación prodúcese:

- a) Cando se trate de servizos non periódicos: cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.
- b) Cando se trate de servizos periódicos: o primeiro día do período impositivo, agás no inicio de prestación do servizo, en cuio caso entenderase iniciada dende que se materialice a acometida á rede municipal de abastecemento.

Disposición Final

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día de de , e foi modificada polo Pleno na sesión do día de 2015, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

Sendo as 20:03 h. incorporase a concelleira Hadriana Ordoñez Otero.

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego, que comeza dicindo que o sentido da proposta para as dúas ordenanzas é atender aquelas actuacións de maior necesidade e emerxencia para esimilas do pago da taxa de abastecemento e saneamento.

A ese obxectivo dásele forma nas modificacións que se propoñen e que está na documentación. Estas modificacións levan a modificar a redacción das ordenanzas e aproveitase para mellorar a súa redacción e axústase nas dúas ordenanzas o período impositivo. Por unha banda establécese a modificación da ordenanza no sentido de fixar a redución a cero para os contribuíntes do RISGA, nas dúas ordenanzas e os efectos tamén de esta redución poda xurdir efecto de xeito trimestral, dependendo da situación do usuario dos RISGA, xa que pode producirse no medio do período anual, de ahí o poñer o período trimestral, para facilitar que estes usuarios podan beneficiarse trimestralmente.

Indica que conta co informe favorables de Intervención e Tesourería, que dín que é legal ter en conta a capacidade económica dos usuarios para establecer reducións na taxa. Tamén indica que estas taxas afectan a uns servizos indirectos, que xestionan empresas e que neste caso poidera existir unha rutura de equilibrio económico, e ser deberá demostrar a empresa tal circunstancia e solicitar ao concello a indemnización correspondente, de ser o caso. En relación á estabilidade presupostaria, advirten que non hai estudio económico, pero que dado o caso de que os beneficiarios serían 8, a afectación sería mínima. O informe dos servizos e da Comisión Informativa é favorable cos votos a favor do BNG e Rianxo en Común e as abstencións do PP e PSOE.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que están de acordo en que as familias do RISGA non se cobre o servizo xa que é un ben básico e que non supón ningún gasto excesivo. Entende que é o paquete básico o que eximen do pago, non os excedentes.

Dí que estaría ben incentivar o aforro está ben, tratar de cobrar en función do número de membros e ter en conta a situación económica a hora de cobrar o mínimo e os excesos.

Sinala que tamén habería que tratar de que outras situacións económicas tamén tivesen incidencia, castigar os excesos e incentivar o aforro.

Indica que o seu grupo apoia a proposta.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo apoia a proposta, parécelles ben e habería que pensar en xente que non ten risga e que tampouco ten recursos e habería que ampliála tamén a esta xente.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo apoia a proposta.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa o apoio do seu grupo a proposta, engade que vai no camiño do que eles están intentando facer de maneira legal.

Toma a palabra o alcalde, que engade o primeiro paso de cara o vindeiro ano é incluír algúns beneficiarios máis pero que ten que ser obxecto dun estudo superior, xa que o RISGA é computable e o seguinte renda chamada RAI, téñense solicitado datos, para dalgunha maneira contemplar a ese segundo grupo, que ten tamén algunha renda de inserción para ampliar beneficiarios, sempre que non vai en detrimento da estrutura de ingreso da concesión.

En xuño cambiase a concesión e para non cambiar a estrutura económica, rebaixan os 10 m³ por mes que se rebaixara o máximo esa cantidade de maneira que o que primara o recibo fora o consumo realmente. Dí que todo eso está levando actualmente a que unha familia parte xa de 30 m³ de consumo, aínda que non os consuma. Hai tamén uns pequenos incentivos por familiar, a partir do 3º membro da familia, pero ven cargado da estrutura do mínimo de vivenda. Dí que cando se cambiara deberíase contemplar este cambio de estrutura e de tarifa e incentivar o consumo, canto máis consumo máis se debería pagar. Tamén algún tipo de bonificación para familias numerosas. En calquera caso haberá que estudar de cara ao seguinte exercizo económico.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<Esta Alcaldía, partido do carácter esencial da prestación do servizo de saneamento de augas residuais, por tratarse dun servizo mínimo e obrigatorio, entende que constitúe unha obriga dos poderes públicos atenuar o efecto que a crise está a provocar nunha parte da poboación.

Con esa finalidade, enténdese que a ordenanza número 8 reguladora da taxa de saneamento de augas residuais debe modular as cuotas que deben satisfacer determinados grupos de poboación especialmente desprotexidos, como é o caso dos contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

A pesares de que a prestación do servizo de saneamento de augas residuais xestiónase indirectamente, a través de concesión, e de que o concesionario remunerábase mediante as tarifas satisfeitas polos usuarios, a potestade tributaria e regulamentaria é de carácter público e a súa titularidade correspóndelle unicamente ao Concello.

Ademais considérase pertinente modificar a redacción do artigo 9, que en lugar de titularse “ingreso” pasará a denominarse “período impositivo”, dado que a redacción antiga do artigo duplicaba o disposto no artigo 7º, e o período impositivo non estaba regulado na ordenanza.45tttter

Polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Modificar a redacción dos artigos 5 e 9 da Ordenanza Fiscal número 8 reguladora da taxa de saneamento de augas residuais, no que se introduce unha nova letra G, e quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 5º. Cota tributaria

(...)

G. A cota quedará reducida a cero para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

Esta redución ten carácter rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

1. A documentación que deberán presentar os interesados nesta redución será:

- a) modelo de solicitude normalizado aprobado debidamente cuberto.
- b) fotocopia do NIF dos solicitantes, ou do representante, no seu caso, e acreditación desta condición
- c) fotocopia compulsada do acordo da concesión da RISGA
- d) fotocopia do último recibo da taxa
- e) indicación da referencia catastral do inmovible
- f) no caso de que o inmovible non sexa propiedade do solicitante, deberá aportar ademais:
 - NIF do propietario do inmovible
 - fotocopia do contrato de alugueiro do respectivo inmovible

2. Si a solicitude adoleciese de algún defecto, conferirase ao interesado un prazo de 10 días para que proceda á súa subsanación, con indicación de que, si así non o fixese, considerarase que desiste da súa petición.

3. O beneficiario desta redución de cuota estará obrigado a comunicar á administración calquera modificación relativa á mesma nun prazo de 15 días naturais dende que a correspondente circunstancia se produxese.

4. No caso de que estando concedida a redución regulada neste artigo se produxera un cambio de domicilio do beneficiario, a redución quedará sen efecto a partir do seguinte período de reivindicación da taxa.

Artigo 7º. Período impositivo

Nos servizos de tracto sucesivo, o período impositivo coincide con trimestre natural, agás nos supostos de alta en que o período impositivo comezará coa efectiva prestación do servizo e rematará co trimestre natural correspondente.

Disposición Final

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día de de , e foi modificada polo Pleno na sesión do día de de 2015, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:35 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

**A Secretaria accidental
(DXAL)**

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez